

BASES DO CONCURSO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN XOÁN 2023

1ª.- FINALIDADE: É obxecto do presente concurso a selección do cartel que anunciará as festas de San Xoán 2023, organizadas pola Comisión de Festas de San Xoán, e que se celebrarán no municipio de Carballo entre o 21 e o 26 de xuño de 2023.

2ª.- NÚMERO DE OBRAS E TEMA: Poderán participar neste Concurso todas as persoas maiores de idade que o desexen. Cada autor/a só poderá presentar unha obra. Non poderán participar os/as concursantes que resultaran gañadores/as nas últimas dúas edicións deste concurso. A técnica a utilizar será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.

As obras serán inéditas e os motivos do deseño son libres, se ben deberá figurar o seguinte lema:

**SAN XOÁN 2023
do 21 ao 26 de XUÑO
CARBALLO**

3ª.- FORMATO: O cartel realizarase en vertical, e o seu tamaño deberá estar comprendido **entre 40 e 55 cm. de base e 55 e 75 cm. de altura.**

4ª.- PREMIO: A dotación do premio é de **450 €** e está patrocinada por **OPTICAL;A ENRÍQUEZ**. Á contía do premio aplicaráselle a retención fiscal correspondente. Poderá solicitárselle ao gañador/a que adapte a imaxe a distintos formatos publicitarios e incorpore logos.

5ª.- FORMA DE PRESENTACIÓN: Nos carteis non deberá constar o nome do/a autor/a, figurando na parte posterior o pseudónimo empregado. Cada traballo irá acompañado dun sobre pechado, que no exterior levará escrito o pseudónimo do/a autor/a, e no interior o nome completo do autor/a, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e pseudónimo empregado.

6ª.- PROCEDEMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN: Os traballos deberán presentarse na Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, persoalmente ou por correo certificado, **entre o 1 de marzo e o 10 de abril de 2023.** No exterior do sobre que conteña o cartel deberá constar:

**CONCURSO DO CARTEL DAS
FESTAS DE SAN XOÁN 2023
Concellaría da Cultura
Pazo da Cultura
Rúa do Pan, s/n 15100 Carballo (A Coruña)**

7ª.- XURADO: O xurado estará constituído por un mínimo de catro membros da Comisión de Festas e un representante do Concello de Carballo. A decisión do xurado é inapelable e adoptarase por maioría simple entre os seus membros. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso.

8ª.- DEVOLUCIÓN DE OBRAS: Os orixinais que non resulten premiados poderán recollerse no Pazo da Cultura entre o 15 de xullo e o 30 de agosto de 2023, previa solicitude. Despois desta data entenderase que os autores renuncian aos mesmos.

9ª.- DEREITOS DE AUTORÍA: A Comisión de Festas resérvase o dereito de publicar a obra premiada. Neste sentido, o/a autor/a renuncia a favor da Comisión de Festas de San Xoán a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Así mesmo o autor/a facilitará ou autorizará a adaptación do cartel a outras publicacións incluídas as redes sociais.

10ª.- ENTREGA DO PREMIO: O/A autor/a premiado/a comprométese a estar presente no acto de entrega do premio.

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.
Para máis info chamar ao tlf. 981 704 300. Web: www.carballo.gal

**PREMIO 450 € patrocinado
por OPTICALIA ENRÍQUEZ**

**PRAZO DE ENTREGA
ATA O 10 DE ABRIL**